

## E D I C T O

O Pleno do Concello de Gondomar, es sesión Ordinaria celebrada en data cinco de decembro de dous mil trece, acordou:

*Primeiro.*—Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministro e distribución de auga nos termos que figura no expediente.

*Segundo.*—De conformidade co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e en art. 49 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Regimen Local, expónse ao público polo prazo de trinta días contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante devandito prazo poidan os interesados examinar o expediente nas Oficinas da Casa Consistorial e presentar contra o mesmo as reclamacións que estimen oportunas.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, a teor do disposto no art. 49.c) da Lei 7/1985.

En Gondomar, a 15 de xaneiro de 2014.—O Alcalde, Fernando Guitián Guitián.

2014000450

\* \* \*

## M A R Í N

## A N U N C I O

Advertido erro material no anuncio relativo á modificación da “Ordenanza Municipal reguladora das instalacións e utilización na vía pública de mesas, cadeiras e instalacións complementarias que constitúan actividade de hostalería con finalidade lucrativa”, publicado no BOP nº 214 do 07.11.2013, consistente en que o texto publicado, non transcribe correctamente a modificación aprobada polo Pleno na sesión do 11 de outubro de 2013, mediante o presente anuncio, que rectifica e substitúe integramente ao publicado o 07.11.2013, procédese a publicación íntegra da referida Ordenanza coa redacción resultante da modificación aprobada polo Pleno o 11 de outubro de 2013, para xeral coñecemento.

*TEXTO DA “ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS INSTALACIÓNS E UTILIZACIÓN NA VÍA PÚBLICA DE MESAS, CADEIRAS E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS QUE CONSTITÚAN ACTIVIDADE DE HOSTALERÍA CON FINALIDADE LUCRATIVA”, APROBADA DEFINITIVAMENTE POLO PLENO DO CONCELLO DE MARÍN O 11.05.2012 ( B.O.P. nº102 do 29.05.2012) E MODIFICADA POR ACORDO DO MESMO ÓRGANO DO 11.10.2013.*

## CAPÍTULO I.—DISPOSICIÓN XERAIS

## 1.—OBXECTO.

Esta ordenanza regula a instalación na vía pública de mesas e cadeiras e os seus accesorios (parasoles, toldos, xardineiras, paravientos, estufas e outro elemento similar), dos establecementos dedicados a actividades propias da hostalería e análogas características e actividades.

## 2.—CONCEPTO.

2.1 Vía pública: Aos efectos desta ordenanza enténdese como vía pública as rúas coas súas beirarrúas, prazas, parques, xardíns e espazos libres de uso público no termo municipal de Marín.

2.2 Terraza ao aire libre: Entenderase, en xeral, por terraza ao aire libre aquela zona de dominio público ou de propiedade particular, normalmente aberta, susceptible de aproveitamento relacionados con actividades propias da hostalería mediante a colocación de mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras, paravientos, estufas ou calquera outro elemento similar.

2.3 Terraza a establecemento ou local existente: Entenderase por terraza a establecemento ou local existente, a colocación de mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras, paravientos, estufas ou calquera outro elemento análogo na liña de fachada ou fronte ao establecemento, como zona de extensión ou ampliación daqueles, sempre aberta e nunca pechada, en terreo de dominio público.

### 3.—CARACTERÍSTICAS.

3.1 A ocupación, instalación e utilización do dominio público por mesas, cadeiras ou elementos análogos con finalidade lucrativa sempre terá carácter non permanente.

3.2 A instalación realizarase, con carácter xeral, por unidades formadas por unha mesa e catro cadeiras que ocuparán, aproximadamente, 2x2 metros. Tamén se poderá autorizar a instalación de toldos, parasoles, paravientos e paravientos que sirvan de abrigo ás mesas e cadeiras, mais, non poderán fixarse á vía pública, mobiliario urbano, árbores, báculos, farois ou sinais.

En principio, o número máximo de unidades autorizables será o de 12.

3.3 Deberán deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata polos servizos públicos correspondentes:

- As entradas a galerías visitables.
- As bocas de rego.
- Os hidrantes.
- Os rexistros de sumidoiros.
- As saídas de emerxencia.
- As paradas de transporte público.
- Os aparatos de rexistro e control de tráfico.
- Os centros de transformación e arquetas de rexistro dos servizos públicos.
- Calquera outro elemento urbano que así se xustifique polos servizos técnicos municipais.

3.4 Deben respetarse os alcorques das árbores e os elementos de xardinería existentes, así como os farois de alumado público.

3.5 Queda terminantemente prohibido colocar calquera elemento de mobiliario que entorpeza a entrada ou saída ás vivendas, portais, soportais e outros locais comerciais ou que impida a visibilidade de escaparates.

3.6 Non obstante, ao anterior, poderán determinarse polos técnicos municipais, en cada caso concreto, as distancias entre as terrazas e os distintos servizos públicos en función da súa natureza, co fin de evitar situacións de risco.

3.7 As mesas e cadeiras poderán ser de mármore, ferro fundido, madeira, resinas ou plásticos; mais deberán harmonizar, xunto cos paravientos, coa contorna na que se sitúen para o que na documentación que se presente para obter a autorización deberá figurar o modelo empregado.

A Alcaldía, previo o informe técnico preciso, poderá seleccionar ou homologar os modelos de mesas, cadeiras, parasoles, toldos e paravientos que se empreguen, segundo a vía pública da que se trate.

3.8 Poderase colocar paravientos a base de elementos de lona acrílica, PVC “cristal” ou similar, de desmontaxe diaria, con altura máxima de 1,50 m.

3.9 Non se permitirá a utilización de publicidade, nas mesas, cadeiras, parasoles, toldos, etc., nin máis rótulos que o representativo do establecemento.

### 4.—SITUACIÓN.

4.1 En principio poden instalarse as mesas e as cadeiras na totalidade da anchura da fachada do establecemento, sempre que outras circunstancias (pasos de peóns, parada de autobús, saída de emerxencias, etc.) non o dificulten.

4.2 As mesas coas súas correspondentes cadeiras colocaranse en todos os casos en ringleiras paralelas á fachada do establecemento. Nos casos nos que haxa circulación rodada por diante das terrazas, a separación mínima das mesas ao borde da beirarrúa non será inferior a 1,50 metros.

Para a circulación peonil, as ringleiras de mesas poderán separarse da fachada do establecemento, deixando para paso de peóns a zona máis próxima da dita fachada. O espazo mínimo para paso/circulación de peóns, en todos os casos será de 1,50 metros.

Poderán utilizarse as fachadas dos edificios lindeiros sempre que contén coa debida autorización dos seus propietarios ou arrendatarios.

Con carácter xeral e en determinadas circunstancias e zonas a localización e superficie a ocupar polas cadeiras, mesas e demais elementos virá dada en cada caso pola Oficina Técnica Municipal en coordinación coa Policía Local.

4.2 bis Se non fose posible cumprir os parámetros fixados pola Ordenanza ( Art 3.2, Art 4.2 e Art 4.2 parágrafo 2º) como solución alternativa as unidades que pola razón de anchura da beirarrúa teñan que lindar coa zona de circulación rodada (bordillo), protexeranse mediante unha valla de tubo de aceiro inoxidable cun diámetro mínimo no pasamáns de 50 mm segundo modelo gráfico anexo

Será de conta do titular da licenza a instalación da valla de protección, con suxeición ás prescricións dos Servicios Técnicos Municipais, que pasará a formar parte do mobiliario municipal unha vez finalizada a actividade.

4.3 Non se poderán instalar as mesas ou cadeiras fóra da liña de fachada do establecemento, salvo que os propietarios dos establecementos lindeiros dean a súa autorización expresa que deberá presentar o interesado no expediente que se tramite para este efecto, deixando en todo caso o acceso ás vivendas e aos locais comerciais e sen obstaculizar a visión frontal dos escaparates.

4.4 As ocupacións ás que se refire o apartado 2.2 desta ordenanza non poderán autorizarse cando o establecemento e a terraza estean separadas por calzada de rodaxe de vehículos, salvo que se trate de zonas axardinadas ou parques públicos nos que previamente ou ao par se tivese autorizado a instalación auxiliar correspondente de servizo a esa terraza; sempre con carácter temporal ou estacional e condicionado ao uso da terraza previamente autorizada.

4.5 En zonas axardinadas, parques públicos e prazas ou praciñas, poderanse autorizar, con carácter excepcional e previa xustificación para cada caso concreto un número superior de unidades reguladas por esta ordenanza fóra da liña e/ou anchura da fachada (4.2) do establecemento, aínda que sempre deixando os espazos libres que determine, en todo caso, o Concello, co fin de evitar a aglomeración da zona.

4.6 As mesas de servizo para fumadores terán unha superficie máxima de 0,25 m<sup>2</sup>

## 5.—HORARIO.

Dentro dos límites que establece o organismo competente da Administración Autonómica, fíxanse o seguinte horario de retirada e colocación das mesas, cadeiras e accesorios.

### a) Horario Ordinario:

- Instalación (Inicio das tarefas): 9:00h
- Retirada (Fin das tarefas): 01:00h

Fins de semana, festivos e vésperas de festivos:

- Instalación (Inicio das tarefas): 08:30h
- Retirada (Fin das tarefas): 02:30h

### b) Horario Extraordinario:

Para o período comprendido entre o 1 de Abril e o 30 de Setembro de cada anualidade:

- Instalación (Inicio das tarefas): 9:00h
- Retirada (Fin das tarefas): 02:30h

Fins de semana, festivos e vísperas de festivos:

- Instalación (Inicio das tarefas): 08:30h
- Retirada (Fin das tarefas): 03:30h

#### 6. – GARDA.

As mesas, cadeiras e os seus accesorios retiraranse ás horas indicadas, podéndose unicamente amontoar na vía pública aquelas que se autoricen en prazas ou praciñas, parques ou xardíns.

As mesas e cadeiras de establecementos públicos e os seus accesorios situados nas rúas gardaranse no interior ou en locais anexos destinados a tal fin.

Tamén terán que ser retiradas polos titulares da autorización cando se dea algunha das circunstancias do artigo 8 desta Ordenanza.

#### 7. OBRIGAS DA EMPRESA

As empresas estarán obrigadas a:

- a) Dispor das licencias de apertura, autorización de mesas, cadeiras e os seus accesorios e carta de pagamento, de acordo co determinado nesta Ordenanza a disposición das autoridades e dos seus Axentes.
- b) Adoptar cantas medidas de seguridade, hixiene e tranquilidade se prevexan con carácter xeral nesta Ordenanza, ou a título particular, nas licenzas citadas, para a apertura e funcionamento das instalacións, así como manter o local e o espazo público no que se sitúan estas instalacións en perfecto estado de uso, limpeza e funcionamento.
- c) Permitir e facilitar as inspeccións que se acorden polas autoridades e os seus axentes, retirando as mesas, cadeiras e accesorios, cando se lles ordene, dado o uso especial da vía pública.
- d) Responder dos danos que como consecuencia da instalación das mesas, cadeiras e os seus accesorios se puidesen ocasionar e a eles lles fosen imputables.
- e) As operacións de retirada do material (sillas, mesas, paravientos, etc.) farase de xeito que non xenere ruidos que moleste ao vecindario.
- f) Calquera outra obriga de aplicación aos espazos públicos e actividades recreativas que se dispoñan na normativa xeral e sectorial de aplicación.

### CAPÍTULO II. – AUTORIZACIÓNS

#### 8. – SUXEIÇÃO A AUTORIZACIÓN

A instalación de mesas e cadeiras na vía pública está suxeita ao outorgamento de autorización previa pola Administración Municipal, correspondéndolle esta atribución á Alcaldía, sen prexuízo da súa delegación conforme a lexislación vixente.

#### 9. – CARÁCTER DE LAS AUTORIZACIÓNS.

9.1 As autorizacións concederanse por unidades conforme o disposto no artigo 3 e seguintes desta Ordenanza e nelas incluíranse os accesorios que se pretendan utilizar.

9.2 As autorizacións poderán ser anuais ou de temporada, sen que en ningún caso se poidan exceder dun ano. Entenderase por autorización de temporada as que vaian desde o 1 de marzo ata o 30 de outubro, ambos incluídos e por anuais as que autoricen a instalación desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro. O interesado deberá en calquera caso, solicitar a renovación.

9.3 Se existen problemas en relación coa autorización por queixas razoadas dos veciños ou petición motivada dos servizos municipais, incumprimento das obrigas dos titulares ou outras circunstancias de interese xeral como pode ser a ordenación do tráfico, etc., o Concello resérvase o dereito de anular a autorización sen dereito de ningunha indemnización.



9.4 Cando sexa necesario por razóns de interese xeral retirar temporalmente todas ou algunha das unidades incluídas na autorización correrá a cargo do titular da autorización asumir esa obriga sen dereito a ningunha indemnización.

#### *10. – INGRESO PREVIO.*

10.1 A autorización outorgarase previo ingreso do importe da liquidación do prezo público, en calidade de depósito previo –nos termos establecidos na Ordenanza Municipal, reguladora do prezo público por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa- pola empresa do establecemento, sen que se autorice a ocupación da vía pública ata que se obteña a correspondente autorización polos interesados.

O incumprimento deste mandato poderá dar lugar á denegación da autorización sen prexuízo do pagamento do prezo público e das sancións e recargas que procedan.

10.2 No caso de denegarse a autorización e existir constancia fidedigna da non instalación das mesas e cadeiras na vía pública, os interesados poderán solicitar a devolución do importe ingresado.

#### *11. – EMPRESA TITULAR.*

A autorización será solicitada pola empresa titular do establecemento. Considérase empresa, aos efectos desta Ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas que, con ánimo de lucro, realicen actividades propias da hostalería ou demais negocios de análogas características e actividades e asuman, fronte ás autoridades públicas e o público en xeral, as responsabilidades e obrigas inherentes a esta actividade.

#### *12. – DOCUMENTACIÓN.*

Para obter a autorización municipal, os interesados deberán contar con licenza de apertura da actividade e presentar ante o Rexistro Xeral do Concello de Marín, a seguinte documentación:

Copia do recibo do Imposto de Actividades Económicas do último exercicio.

Nome comercial do local e fotografías da totalidade da súa fronte.

Esbozo detallado no que se describan as unidades coa superficie que se pretende ocupar e plano de situación a E: 1/2000.

Esbozo de deseño das mesas, cadeiras e accesorios a instalar de modo que se aprecie que non interfiren no acceso a portais de inmobles ou impidan a visión de escaparates. Ademais recollerá a perspectiva que ofrezan desde a fronte oposta da vía pública ou parque, inicio e final da rúa ou praza, neste esbozo figurará a descrición e número de mesas e cadeiras.

#### *13. – COMPROBACIÓN E INVESTIGACIÓN.*

Os correspondentes servizos municipais deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferenzas coas peticións da licenza. De existir deficiencias na documentación achegada ou diferenzas, estas notificaránselle aos interesados e xiraranse no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose a autorización unha vez emendadas as deficiencias polos interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

#### *14. – INTRANSMISIBILIDADE.*

As autorizacións entenderanse outorgadas salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos de terceiros e terán carácter persoal ou individual para cada empresa titular do establecemento e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación ou revogación da licenza.

*CAPITULO III.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.**15.—EXECUCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL.*

As mesas, cadeiras e os seus accesorios instalados sen a preceptiva licenza municipal ou que excedan ou non se axusten ao número ou condicións establecidas na autorización reputaranse clandestinas e terán que ser retirados pola empresa do local, previo apercibimento polo axente ou funcionario municipal denunciante. En caso de negativa, os axentes da autoridade están facultados, co fin de evitar a comisión de infracción, para ordenar a efectiva retirada das mesas e cadeiras e os seus accesorios, requirindo a intervención das brigadas municipais ou dos servizos da grúa, debendo facelo directamente a Policía Local cando dispoña de medios adecuados para o seu traslado ao depósito. As mesas e cadeiras e os seus accesorios serán depositados nun edificio municipal onde previo pagamento das exaccións procedentes e gastos foran ocasionados, seranlles devoltos aos seus infractores.

*16.—PROCEDIMENTO SANCIONADOR.*

As accións e omisións contrarias a esta Ordenanza consideraranse infraccións administrativas e poderán ser sancionadas conforme o disposto no R.D. 1398/93 polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, sen prexuízo de que se aplique a Lei orgánica 1/92, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá cando se dean algúns dos supostos tipificados neste texto legal.

A retirada das mesas, cadeiras e os seus accesorios polas circunstancias citadas no artigo 9 desta Ordenanza non terá o carácter de sanción e será compatible coa aparición dunha sanción despois da correspondente tramitación. Tampouco terán a consideración de sanción as anulacións das autorizacións previstas no artigo 8 desta Ordenanza.

*17.—INFRACCIÓN.—PODERÁN SER LEVES OU GRAVES.**a) Graves*

1. A instalación de mesas e cadeiras na vía pública e os seus accesorios carecendo da preceptiva licenza municipal.

2. A instalación de mesas, cadeiras e os seus accesorios na vía pública e os seus elementos sen axustarse ás determinacións da licenza municipal outorgada ou o exceso dos límites desta.

3. A instalación de mesas e cadeiras na vía pública quebrantando a prohibición ou suspensión ordenada polo Concello.

4. O impedimento do exercicio de inspección ou controis regulamentarios nas mesas, cadeiras e os seus accesorios.

5. O entorpecemento de portais, vaos, reservas e demais lugares sinalizados no artigo 3.

6. O mal estado das mesas, cadeiras ou accesorios, instalacións ou servizos que diminúan o grao de seguridade e hixiene esixibles e a omisión de medidas correctoras sobre condicións de seguridade e hixiénicas en mesas e cadeiras establecidas nesta Ordenanza ou nas condicións particulares da licenza.

7. O exceso nos horarios establecidos para a retirada das mesas e cadeiras da vía pública.

*b) Leves*

Son as que se cometan contra as disposicións desta Ordenanza que non se clasifiquen expresamente como graves.

As infraccións graves prescribirán nun ano e as leves aos 6 meses desde o día no que se cometeu a infracción.

#### 18. – SANCIONES.

As infraccións sancionaranse con multa non superior a 500,00 euros para as graves e 200,00 euros para as leves.

Considéranse circunstancias agravantes de responsabilidade a existencia de antecedentes na comisión de infraccións desta Ordenanza e atenuante ou agravante, segundo cada caso, a maior ou menos transcendencia do feito.

A consecuencia de calquera circunstancia agravante permitirá impoñer multas nunha contía máxima e a de calquera circunstancia atenuante permitirá impoñela por unha contía inferior ao 50% do límite máximo.

As sancións graves prescribirán aos dous anos e as leves ao ano desde o día seguinte a aquel no que se fixera firme a resolución pola que se impón esta.

#### 19. – COMPETENCIA.

O órgano competente para impoñer as sancións por incumprimento desta Ordenanza é o/a alcalde/alcaldesa ou o/a concelleiro/concelleira en quen delegue.

#### *Disposición transitoria*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta Ordenanza as empresas poderán adaptarse ao prescrito nesta Ordenanza.

#### *Disposición derogatoria*


Esta Ordenanza deixa sen efecto calquera anterior que existise neste Concello que incida sobre o Regulamento regulador das mesas, cadeiras e accesorios na vía pública.

### A N E X O

#### *MODELO DE VARANDA DE PROTECCIÓN*

Se non fose posible cumprir as condicións fixadas pola nova Ordenanza Municipal Reguladora de Terrazas (Apart. 4.2) como posible solución alternativa cabería autorizar a instalación de terrazas que linda coa circulación rodada mediante a instalación dunha varanda de protección fabricada en tubería de aceiro inoxidable con calidade 304 brillo e pes de ferro forxado con tratamento antioxidante, coas seguintes características, según consta no croquis adxunto:

- Os pes de ferro forxado tipo CASTRO 940 x 4 ou similar, dunha altura de 940 mm con catro. orificios para pasalos tubos, e superior de 53 mm e os 3 inferiores de 35 mm, pintando en OXIRON NEGRO FORJA.
- Catro tubos horizontais de acero inoxidable, o superior de 50,8 x 1,5 mm calidade 304 brillo e tres inferiores de 33x1,5 mm, calidade 304.
- O anclaxe o chan realizase mediante catro parafusos con taco metálico en aceiro de 10x140 mm.
- A distancia entre os pes recomendase que sea de 1,75 mts.



Marín, a 13 de xaneiro de 2014.—A Alcaldesa, María Ramallo Vázquez.

2014000401

\* \* \*

## MOAÑA

### CORRECCION ERROS PLAN XERAL

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de Novembro do 2013, entre outros, adsoptou o seguinte acordo:

#### 10º.—CORRECCIÓN DE ERROS DO PLAN XERAL

Infórmase de que a Comisión Informativa da data 26/11/2013 emitiu ditame favorable á aprobación da corrección de erros no Plan xeral.

O Sr. Alcalde le a súa proposta que literalmente di: